

MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMERCIO E EMPRESA, INE.

Grupo de Traballo do INE, Mesa Delegada e Subcomisión do Ministerio

Chove sobre mollado, o INe acaba de **externalizar a recollida de datos** de varias enquisas **por un importe superior os 9.000.000 de Euros**, mentres cada vez somos menos e con máis carga de traballo e as incorporacións de persoal son claramente insuficientes, sobre todo as de axentes de recollida de datos. Cada vez é máis visible o modelo dun INe con altos cargos, técnicos e con toda a recollida privatizada. Xa veremos onde acaba o prestixio acadado polo noso esforzo durante tantos anos.

Actuacións en materia de prevención.

Grazas a campaña emprendida pola CIG, o **INE e o ministerio está facendo medicións de gas radon e aplicando medidas correctoras** en practicamente todos os centros de traballo, empezando por aqueles que se atopan en zonas con maior risco. En Galicia están programadas **obras menores nas delegacións do INe de Lugo e Pontevedra. Na Coruña** están estudando a posibilidade de trasladar a Delegación, ante a complexidade das actuacións necesarias para o actual local e o feito de que o actual contrato de aluguer está a piques de rematar. Responsables do organismo fixeron visitas a posibles locais e **está en estudo o traslado ó edificio de Correos** da Marina, quedaría por concretar se existe espazo suficiente para todo o persoal e para desenvolver correctamente os procesos electorais e facer as medicións previas de gas radon.

Retribucións.

Desde a CIG reiteramos a nosa proposta de asignación do complemento E1 (traballos fora do centro de traballo) para o persoal de campo, xa que todos os ministerios están facendo propostas e nos imos con moito retraso. Na COPA deste mes aprobáronse a actualización dos complementos dos postos que foron ocupados despois de xaneiro de 2022.

Tamén insistimos na **necesidade de negociar un acordo de produtividade** que nos permita facer un reparto máis xusto, de igual xeito que o que teñen cada vez máis ministerios. Aquí os nosos dirixentes non teñen presa algunha. ¿Por que será?.

Mobilidade.

Esta semana publicaron a resolución da terceira fase do concurso do Anexo I, **en xaneiro está prevista a resolución do Anexo II**. O INe di que vai publicar o **concursos xeral e específico de persoal funcionario a principios de 2025**, recordámoslles que impugnaremos os concursos se non inclúen todos os postos ocupados provisionalmente e se non valoran o galego.

Xubilación parcial.

É unha vergoña, aínda que din que xa temos a 50 persoas xubiladas parcialmente, **teñen 65 solicitudes pendentes de tramitación**. Reclamamos medidas inmediatas, como a **elaboración de listaxes de substitución** e animamos ás persoas prexudicadas polo retraso a **reclamar compensacións económicas** no xulgado, existen xa varias sentenzas favorables.

Teletraballo.

Non nos trasladan ningunha incidencia relacionada con este tema. Se tedes algún problema coa aplicación do acordado, nos o trataremos neste grupo de traballo.

Outras cuestións.

Informamos o Subdirector de recollida de datos sobre os rexeites de chamadas das CATI por aparecer os números como SPAM e dixerón que tomarán medidas para solucionalo. Calquera cuestión desa índole, podedes contárnola para intentar solucionala.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.